



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Tamén este vrau pasado  
tuvemos dúas bombillas  
bailaba a xente á sombra  
ás dúas mil maravillas.

Bombillas chamábaselle a eso que hai, un baile que se facía por exemplo nos castiñeiros, alí na entrada da carretea de Vilela...

No camiño vecinal  
que vai desde a carretera,  
de alí non faltou ningunha  
das rapazas de Vilela.

Baixaban ás tres da tarde  
sin dormir a siesta larga,  
non lle tiñan medo ó sol  
aunque lles queimaba á cara.

Debaixo dos castiñeiros  
alí empezaban a charla:  
“¿Qué che parece a ti Pepa,  
que che parece a ti Xuana?”

“Pra min Fulano de tal  
non che me da confianza,  
persume muito bailando,  
debe de ser lingua largha.”

“Mentira que é bo rapaz”  
contéstalle a outra rapaza,  
a outra chísgalle o ollo  
porque a vía interesada.

De pronto chega o rapaz,  
todos calaron ca charla  
e a que máis e a que menos  
ponse como unha naranxa.

“E logo que falabais  
que quedastes tan caladas”  
“Érache da carretera  
que sei que nuncha se acaba.”

(Risas) Decían as outras. E despois dice:



Logo veín as da Rúa  
baixando con moita calma  
unhas veín con trenza larga  
i outras con polvos na cara.

Todas veñen criticando  
das que traen pelo ó garsón

...

Pero ahora non sei máis...

... por parecer un home  
xa cambian de traxe  
toman algún home  
por un varredoiro  
elas taban ociosas  
a esticarlles o coiro.